



RebeliÃ³n no PentÃ¡gono

Description



A rebeliÃ³n militar no PentÃ¡gono pode dar paso a unha rebeliÃ³n nas filas do Partido Republicano. A figura de Rumsfeld non sementa demasiadas adhesiÃ³ns nunha militancia partidista onde as voces de renovaciÃ³n e cambio de enfoque comezan a ascender e amosar o seu descontento. (Foto: Rumsfeld durante unha conferencia de prensa no Departamento de Estado, a principios de abril de 2006).

Seis altos oficiais das Forzas Armadas dos EEUU critican abertamente ao secretario de Defensa, Donald Rumsfeld, pola sÃ³a estratexia militar na invasiÃ³n a Iraq. O acusan de Ã©stratÃ©xica, operativa e tactivamente incompetente; en palabras do seu principal detractor, o xeneral retirado do ExÃ©rcito Paul Eaton. Este inÃ©dito caso de rebeliÃ³n militar na historia estadounidense descifra a interminable crise de credibilidade e eficiencia dunha administraciÃ³n que, actualmente, rexistra os seus mÃ¡is baixos Ãndices de aceptaciÃ³n popular.

Non Ã© a primeira vez que Rumsfeld se atopa sinalado directamente pola sÃ³a responsabilidade no operativo da invasiÃ³n ao paÃs Ãrabe. O escÃ¡ndalo Plamegate a finais de 2005, as escoitas ilegais, a base ideolÃ³xica da estratexia de guerra preventiva, a intromisiÃ³n polÃtica nas competencias de organismos de seguridade, o seu cinismo e prepotencia, son sÃntomas reveladores de que, dentro dun goberno cada vez mÃ¡is desacreditado, Rumsfeld constitÃ³e o seu punto mÃ¡is escuro e odiado.

Para o presidente Bush, a rebeliÃ³n contra Rumsfeld afÃ©ctalle directamente porque o secretario de Defensa, principal responsable do PentÃ¡gono, constitÃ³e un elemento primordial da ideoloxÃa neoconservadora instalada na Casa Branca desde o 2000. De pouco vale o frontal apoio oficial de Bush a un Rumsfeld que, nos derradeiros tempo, xa lle presentara a

súa renuncia de dúas ocasións. Unha presunta caída de Rumsfeld significará un golpe político de grande magnitude para Bush e o seu equipo.

No 2006, EEUU está en eleccións porque en novembro haberá renovación do Congreso Nacional. Tamén é un momento clave porque, a falta de dous anos e medio, o país político se prepara lentamente para as eleccións presidenciais. Bush espera renovar maioría no Congreso, un escenario pouco probable, así como asegurar un candidato do seu partido para manter a hegemonía republicana na Casa Branca. Pero ningún dos dous escenarios amosa sinais favorables aos seus plans.

A rebelión militar no Pentágono pode dar paso a unha rebelión nas filas do Partido Republicano. A figura de Rumsfeld non sementa demasiadas adhesións nunha militancia partidista onde as voces de renovación e cambio de enfoque comezan a ascender e amosar o seu descontento. Tal como acontece no partido Democrata, moitos republicanos esperan saír de Bush e do seu equipo para tentar recuperar a credibilidade e a imaxe estadounidense no exterior, menos belicista e unilateral. Aínda que confirmado no seu cargo, a caída de Rumsfeld pode significar o fracaso do proxecto neoconservador en Washington.

Como Bush, o vicepresidente Dick Cheney, principal defensor de Rumsfeld, atópase tamén en situación delicada, o que confirma que Iraq está a afectar a viabilidade da administración Bush. Nun momento en que se tensa a corda polo programa nuclear de Irán e coincidindo coa importante visita do presidente chinés Hu Jintao, o goberno de Bush non quere que o affaire Rumsfeld constitúa un sintoma de debilidade. Aínda que tente sortear un vendaval de críticas e acusacións, as urnas poderán pasarlle factura nos próximos meses.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Estados Unidos ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Abril 24, 2006

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2006-04-24 00:00:00